



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 7 DE FEBREIRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETO

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual na Resolución da Secretaría Xeral da Emigración pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de cento cincuenta (150) «Bolsas excelencia mocidade exterior», co fin de cursar estudos de mestrado que se inicien no curso 2019/20 nunha universidade galega.
- Acordo polo que se aproba o texto de proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.
- Acordo polo que se aproba o Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2019.

CONSELLERÍA DE FACENDA



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se aproba o establecemento dun modelo de financiamento conxunto para a adquisición de licenzas de software nos postos de traballo.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e documentalmente simplificada da subministración e actualización tecnolóxica de software de servidor, *backoffice* e escritorio da Xunta de Galicia, por un orzamento de licitación, IVE ao 21% incluído, de catorce millóns oitenta mil novecentos vinte e sete euros con oitenta e tres céntimos (14.080.927,83€) e un valor estimado de once millóns seiscientos trinta e sete mil cento trinta euros con corenta e catro céntimos (11.637.130,44€).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG), para a implementación, difusión e promoción da marca Q de Calidade Turística no sector turístico de Galicia, por importe total de catrocentos cincuenta mil euros (450.000,00€), e polo que se autoriza a exención da obriga de constituír garantía nos pagos anticipados e a conta.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza aplicarlle ao persoal das escalas de profesores numerarios e mestres de taller, dependentes da Consellería do Mar, o incremento do complemento específico na mesma contía que ao persoal docente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o proxecto de Orde polo que se desenvolve a disposición adicional segunda da Lei 9/2016, do 8 de xullo, para regular o acceso aos corpos de policía local do persoal funcionario previsto no artigo 53.3 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, con funcións de control do tráfico urbano nos concellos.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre os obxectivos do Plan de inspección laboral 2019 e balance das accións realizadas en 2018.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe provisional da campaña de vacinación antigripal 2018/2019.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre aprobación das axudas de apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas e de creación de empresas para os agricultores mozos.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a tramitación anticipada das axudas destinadas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables convocadas en 2019.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A XUNTA CREA UNHA NOVA UNIDADE ADMINISTRATIVA ESPECÍFICA PARA DESENVOLVER O ACORDO DE CONCERTACIÓN ASINADO CON CC.OO E UGT

- ***O Consello da Xunta autoriza a creación dunha subdirección xeral, integrada na Consellería de Facenda, para implantar a carreira profesional e para poñer en marcha o primeiro proceso global de funcionarización do persoal laboral***

A Xunta crea unha nova unidade administrativa específica para desenvolver o Acordo de concertación do emprego público asinado en xaneiro cos sindicatos CC.OO. e UGT, e que será a responsable de poñer en marcha e supervisar a implantación da carreira profesional na Administración xeral e o desenvolvemento dos procesos de funcionarización de persoal laboral fixo. Para isto, o Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación do Decreto de estrutura orgánica da Consellería de Facenda para crear a Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Avaliación Profesional dentro da Dirección Xeral da Función Pública.

Por unha parte, esta subdirección encargarase de implantar a carreira profesional no ámbito da Administración Xeral, un sistema voluntario e consolidable que recoñecerá a evolución laboral do empregado público e a súa formación continua. Os beneficiarios da carreira profesional recibirán, de maneira progresiva, unha contía anual que irá, por cada grao, desde os 761 euros na categoría de menor nivel ata os 2.460 euros da categoría A1.

A nova unidade administrativa é necesaria para encadrar na carreira profesional máis de 20.000 empregados públicos da Administración galega. Ademais, será a responsable de elaborar as convocatorias, revisar os méritos dos empregados públicos que se integren na carreira profesional, promover a normativa regulamentaria, recoñecer o progreso de cada empregado público atendendo aos seus méritos e realizar as avaliacións profesionais correspondentes.

Esta nova subdirección xeral tamén será a responsable do primeiro proceso global de funcionarización que se realizará na historia da Xunta. Este proceso será voluntario e realizarase mediante a participación nunha promoción interna, promovendo así a equiparación dun mesmo réxime xurídico entre traballadores da Administración galega. Deste proceso de funcionarización do persoal laboral fixo poderá beneficiarse a súa práctica totalidade, agás os postos non funcionarizables polas súas características.

Dado que se trata dun proceso de alta complexidade por non ter precedentes, a nova unidade administrativa terá entre os seus cometidos a realización das probas específicas para todo o persoal laboral, a identificación de todos os postos susceptibles da funcionarización ou a adopción dos procedementos de medidas administrativas en relación cos contratos laborais do persoal que se converta en funcionario da Xunta de Galicia.

Ademais, o novo decreto tamén adapta a estrutura orgánica da Consellería de Facenda á estrutura orgánica da Xunta, modificada pola Decreto 88/2018; asigna a consideración de oficina orzamentaria ao Servizo de Xestión Económica e Control Orzamentario, tal como establece a Lei 3/2018, de Medidas fiscais e administrativas, e realiza un cambio de



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

denominación e de funcións dalgúns postos na Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE LUZ VERDE Á MAIOR OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DOCENTE DA ÚLTIMA DÉCADA**▪ Convocaranse 2.064 prazas en 35 especialidades**

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde ao Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público (OPE) correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes, a maior da última década. En total, serán 2.064 as prazas que convoque a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en 35 especialidades. Do total das prazas desta oferta de emprego público, 1.122 son relativas á taxas de reposición, 666 á estabilización de emprego temporal e 276 son prazas de promoción interna.

Tras a OPE está previsto que a taxa de interinidade acade, aproximadamente o 7%, de tal forma que Galicia seguirá sendo a Comunidade Autónoma con menor porcentaxe de interinos entre o seu profesorado. Esta convocatoria, unida á oferta do maior número de prazas vacantes ao concurso de traslados da historia de Galicia, suporá unha maior estabilidade para os docentes galegos e, polo tanto, unha maior calidade do sistema educativo.

A previsión é que a convocatoria saia publicada no *Diario Oficial de Galicia* no primeiro trimestre do ano, co fin de que as probas se realicen unha vez que remate o curso escolar.

A distribución de prazas por especialidades é a seguinte:

Corpo de profesores de ensino secundario

Especialidade	Prazas
Filosofía	25
Lingua Castelá e Literatura	55
Xeografía e Historia	55
Matemáticas	120
Física e Química	30
Bioloxía e Xeoloxía	35
Francés	55
Inglés	40
Portugués	4
Educación Física	40
Tecnoloxía	45
Lingua Galega e Literatura	60
Economía	65
Administración de Empresas	50
Formación e Orientación Laboral	60
Informática	30
Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos	20

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica	15
Procesos na Industria Alimentaria	15
Sistemas Electrónicos	15
Total	834

Acceso ao corpo de profesores de ensino secundario (A2-A1)

Especialidade	Prazas
Filosofía	8
Lingua Castelá e Literatura	18
Xeografía e Historia	18
Matemáticas	40
Física e Química	10
Bioloxía e Xeoloxía	12
Francés	18
Inglés	13
Educación Física	13
Tecnoloxía	15
Lingua Galega e Literatura	20
Economía	22
Administración de Empresas	17
Formación e Orientación Laboral	20
Informática	10
Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos	7
Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica	5
Procesos na Industria Alimentaria	5
Sistemas Electrónicos	5
Total	276

Corpo de profesores técnicos de formación profesional

Especialidade	Prazas
Instalacións Electrotécnicas	30
Mantemento de Vehículos	30
Mecanizado e Mantemento de Máquinas	18
Peiteado	15
Procesos de Xestión Administrativa	45
Total	138

Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas

Especialidade	Prazas
Inglés	30
Total	30

Corpo de profesores de música e artes escénicas

Especialidade	Prazas
Piano	8
Linguaxe Musical	8
Total	16

Corpo de mestres

Especialidade	Prazas
Educación Infantil	135
Lingua Estranxeira: Inglés	65
Lingua Estranxeira: Francés	70
Educación Física	40
Música	55
Pedagogía Terapéutica	125
Audición e Linguaxe	100
Primaria	180
Total	770



A XUNTA INCREMENTA NUN 50 % O PROGRAMA DE ATRACCIÓN DOS MELLORES EXPEDIENTES UNIVERSITARIOS DO EXTERIOR NA TERCEIRA CONVOCATORIA DAS BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR

- ***O investimento da Secretaría Xeral da Emigración para ampliar esta iniciativa pasará dos 860.000 euros de 2018 aos máis de 1,1 millóns en 2019, destinados a financiar os estudos de mestrado dos 150 universitarios galegos máis brillantes do estranxeiro***
- ***O Goberno galego suma entre 2017 e 2019 un total de 550 bolsas para fomentar o regreso de mozos galegos que viven fóra das nosas fronteiras para cursaren un máster ou un ciclo superior de FP***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a convocatoria, por parte da Secretaría Xeral da Emigración, das «Bolsas excelencia mocidade exterior» (BEME), cuxa terceira convocatoria incrementa nun 50 % tanto o número de prazas dispoñibles como a dotación económica asignada. Con este programa, o Goberno galego posibilitará que un total de 150 titulados universitarios galegos e de currículo brillante, residentes no estranxeiro e cunha titulación de grao, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, poidan cursar estudos de mestrado nalgunha das tres universidades galegas.

O incremento de recursos para este programa, xestionado por Emigración en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as universidades galegas e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, irá acompañado dun aumento na súa dotación orzamentaria, que pasa dos 860.625 euros de 2018 aos 1.110.625 euros de 2019. O obxectivo é, non só atraer cada ano galegos que viven fóra e que completen aquí a súa formación especializada, senón que traballen en Galicia e que fixen tamén no territorio galego definitivamente a súa residencia.

Todos os beneficiarios destas axudas contarán, ademais, por segundo ano consecutivo cunha orientación laboral coa que se pretende, non só captar para Galicia o talento máis brillante de entre as mozas e os mozos residentes fóra, fomentando o retorno da poboación activa laboral, senón tamén facilitarlles o seu establecemento definitivo na Comunidade, contribuíndo a fixar novos residentes no territorio. A oferta centrarase en estudos con capacidade de absorción no tecido produtivo e laboral galego.

Requisitos para ser beneficiario e contía da bolsa

Os beneficiarios da iniciativa deben ser galegos por nacemento ou descendentes por consanguinidade, acreditar un mínimo de dous anos de residencia no exterior e estar admitidos na preinscrición dalgún dos mestrados das universidades galegas. A bolsa, cuxo importe é de 7.000 ou 7.650 euros (segundo a persoa beneficiaria proceda de Europa ou do resto do mundo) por curso completo de 60 créditos ECTS, destínase a cubrir os gastos de matrícula, viaxe, aloxamento e manutención na Galicia territorial. Aqueles que se matriculen

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

nun curso de maior duración (90 créditos) disporán dun orzamento total de ata 11.475 euros (en función do continente de procedencia do alumno).

Á segunda convocatoria deste programa formativo presentáronse un total de 350 solicitudes procedentes de preto de 30 países distintos, das cales unha terceira parte, 117, proviñan de Venezuela, outras 66 procederon da Arxentina, 40 do Brasil, 34 do Uruguai, 22 do Reino Unido e 20 de México. Tamén chegaron expedientes académicos desde outros 24 países do mundo, como Chile (8), Alemaña (6), Francia (5), Panamá (3), Cuba (3), Bolivia (3), Bélxica (2), Andorra, Austria, Canadá, Colombia, Costa Rica, Ecuador, Emiratos Árabes Unidos, Estados Unidos de América, Guatemala, India, Paraguai, Perú, Polonia ou Portugal. A idade media das e dos solicitantes foi de 30 anos, pero o grupo máis numeroso é o de 28 anos, e máis do 60 % son mulleres.

Desde preto de 30 países distintos

O obxectivo do Goberno galego é que a publicación desta orde se realice o antes posible no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) para que o prazo de solicitudes, que se pechará o 30 de abril, poida abrirse canto antes. Os alumnos terán ata o 8 de agosto para presentaren a matrícula nos mestrados elixidos, e os primeiros estudantes comezarán o curso no mes de setembro.

Con esta nova convocatoria e a que publicará en breve a Consellería de Educación para estudos de ciclo superior de formación profesional (FP), o Goberno galego terá facilitado, entre 2017 e 2019, o retorno dun total de 550 mozos galegos do exterior, tanto no ámbito universitario coma no de FP.

Máis información sobre as bolsas na ligazón

<http://emigracion.xunta.gal/bolsas-excelencia-mocidade-exterior-2019>

A XUNTA MODIFICARÁ A LEXISLACIÓN PARA AXILIZAR OS PRAZOS DAS OPOSICIÓNS DA POLICÍA LOCAL NA AGASP

- ***A modificación foi xa aprobada o pasado venres na reunión da Comisión de coordinación de policía locais de Galicia e ten como principal obxectivo axilizar os procedementos administrativos***
- ***A Xunta está a prestar a máxima colaboración para poder axudar os concellos a facer fronte á eventual falta de persoal nos corpos de policía local debido ao novo decreto que posibilita as xubilacións anticipadas***
- ***Tamén foi aprobada a regulación do acceso aos corpos de policía local do persoal funcionario con funcións de control do tráfico urbano nos concellos***

A Xunta modificará a lexislación para axilizar os procesos selectivos para auxiliares e policía locais que centraliza na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) daqueles concellos que así o decidan voluntariamente, co obxectivo principal de axudar os concellos a que poidan cubrir canto antes as prazas vacantes.

Esta modificación do decreto inclúe reducir a dez días o prazo de presentación de solicitudes para prazas de persoal auxiliar; poder utilizar o procedemento de urxencia por razóns de interese público, o que permitirá reducir á metade os prazos ordinarios en distintas partes do proceso; reducir os tempos entre probas, de xeito que a proba de avaliación do coñecemento da lingua galega poderá levarse a cabo no mesmo día e a continuación da proba de avaliación dos coñecementos. Engade tamén a posibilidade de ampliación dos prazos establecidos para que os concellos comuniquen as prazas que serán obxecto dos procesos selectivos e as reservas nos cursos de formación que se levan a cabo na Academia.

A Xunta, dentro das súas competencias, está a prestar a máxima colaboración para poder axudar os concellos a facer fronte á eventual falta de persoal que se pode producir nos corpos de policía local debido ao novo decreto que posibilita as xubilacións anticipadas. Unha modificación normativa que foi proposta pola propia Federación de Municipios e Provincias e aprobada polo Goberno central, e para a cal non se prepararon medidas preventivas.

O ano pasado implantouse por primeira vez esta iniciativa pola que os concellos que así o desexen poden delegar na Xunta de Galicia a realización dos procesos selectivos para estes postos, co importante aforro económico e de xestión administrativa que iso supón. Ao mesmo tempo, favorécese a calidade do proceso selectivo, asegúrase a cobertura de prazas e acádase unha policía local cada vez máis especializada.

En 2018, a través deste proceso, convocáronse 109 prazas de persoal auxiliar de policía local e 38 da categoría de policía. Este ano aínda está aberto o proceso de solicitude para os concellos que pediron unha prórroga e poder comunicar as prazas ata o 28 de febreiro. A Xunta está en disposición de realizar os cursos selectivos que sexan necesarios para cubrir as prazas que precisen os concellos. Do mesmo xeito, se a convocatoria de oposicións non



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

for suficiente (por producirse xubilacións *a posteriori*) podería realizarse unha convocatoria extraordinaria.

Corpo de policía local con funcións de control de tráfico urbano

No Consello tamén se aprobou a regulación do acceso aos corpos de policía local do persoal funcionario con funcións de control do tráfico urbano nos concellos, tal e como recolle a Lei de coordinación de policía locais, que indica a posibilidade de efectuar procesos selectivos para o acceso aos corpos de policía local do persoal funcionario dos concellos, que teñen a consideración de axentes da autoridade, encargados da realización exclusiva das funcións de ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico no núcleo urbano.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN ANUAL 2019 DA COOPERACIÓN GALEGA CUN ORZAMENTO DE 5,6 MILLÓNS DE EUROS, UN 11,61% MÁIS QUE EN 2018

- ***Xa conta co visto e praxe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento que o aprobou o pasado 15 de xaneiro***
- ***Este plan anual, enmarcado no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, afonda no logro dos resultados de xestión recollidos no dito plan director de cara á mellora da eficacia da axuda a través da concentración xeográfica e sectorial***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan anual 2019 da cooperación galega para o desenvolvemento, que conta cun orzamento de 5,6 millóns de euros, un 11,61% máis que en 2018, e que recolle os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios do Goberno galego para este ano, de acordo xa coas orientacións establecidas no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021.

O plan aposta novamente pola utilización principal do instrumento das convocatorias públicas de concorrencia competitiva. Así, publicaranse as convocatorias de axudas que tradicionalmente xestiona a Cooperación Galega, como son as de proxectos no exterior, educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, proxectos de acción humanitaria, proxectos de investigación para o desenvolvemento das universidades galegas e as bolsas de formación.

Así mesmo, asinaranse, entre outros, convenios de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD, o Fondo Galego a SOGAPS e a AECID e continuarase co financiamento daqueles proxectos xa aprobados no ano 2018 e que teñen compromisos no ano 2019. Do mesmo xeito, seguirase a promover a cooperación técnica en materia de pesca e acuicultura e de xestión de recursos hídricos, como se vén realizando en colaboración coa Fundación CETMAR e Augas de Galicia, apostando por unha orientación estratéxica da Cooperación Galega.

Este Plan Anual, enmarcado no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, afonda no logro dos resultados de xestión recollidos no dito plan director de cara á mellora da eficacia da axuda a través da súa concentración xeográfica e sectorial, á maior coordinación dos axentes e complementariedade das súas actuacións e á orientación estratéxica das actuacións, de cooperación que poña en valor as singularidades da nosa Comunidade.

A XUNTA REDUCE O USO DE LICENZAS COMERCIAIS A UN 25% DOS POSTOS DE USUARIO DA ADMINISTRACIÓN XERAL AUTONÓMICA

- **Estas licenzas do paquete ofimático renóvase en casos xustificados por cuestións técnicas e de compatibilidade con determinadas plataformas**
- **Actualmente arredor de 150.000 equipamentos do sector público autonómico traballan con paquete ofimático de software libre**
- **O emprego xeral do Libre Office na Administración autonómica é un dos compromisos do Plan para consolidar o posto de traballo dixital do empregado público**
- **Esta medida permite un aforro de 7,2 millóns de euros en licenzas comerciais nos postos da Administración xeral en tres anos**

O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación de licenzas do paquete ofimático de Microsoft para o 25% dos postos de traballo da Administración autonómica e o 100% dos postos da Administración de xustiza. Son os equipamentos do sector público autonómico que por razóns técnicas precisan usar este *office* comercial, xa que todo o parque informático do ámbito educativo, sanitario e das aulas e centros de formación para o emprego, arredor de 150.000 equipamentos, empregan Libre Office.

Dos 12.000 postos de usuario existentes na Administración xeral, renovaranse as licenzas de 3.000, o 25% que por razóns técnicas precisan este paquete de *office*. No caso da Administración de xustiza, a dependencia das plataformas do Estado require que se teñan que renovar as licenzas na totalidade dos postos de usuario.

O contrato, que se publicará nos vindeiros días, inclúe, xunto coa renovación das licenzas de escritorio, a actualización das licenzas de servidor e *backoffice* por un importe de 14,08 millóns de euros ata 2022. A renovación de só o 25% dos postos de traballo permite un aforro de 7,2 millóns de euros en tres anos.

A actualización destas licenzas garante o adecuado funcionamento destes postos de traballo e a debida actualización dos parches de seguridade para o desempeño da actividade dos empregados públicos no actual contexto de transformación dixital da Administración.

A redución de licenzas comerciais nos postos de escritorio iniciouse en 2015 coa migración progresiva do posto do empregado público a software libre, unha das medidas do Plan de acción de dotación e xestión sustentable no posto de traballo para adaptalo ás necesidades da Administración dixital.

Neste proceso exceptuáronse aqueles postos de traballo que por necesidades técnicas precisan do uso de sistemas comerciais. É o caso da totalidade dos postos de usuario da Administración de xustiza, que por razóns de compatibilidade coas plataformas do Estado precisan empregar Microsoft Office.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O actual Goberno galego vén optando polo software libre como unha solución en proxectos de trascendencia en ámbitos como a educación, coa iniciativa Abalar; a formación pública dixital, a través da Rede de CeMIT; en iniciativas chave da Administración dixital, como o arquivo electrónico ou o sistema de xestión da Rede de bibliotecas de Galicia.

Posto de traballo dixital

A migración dos postos de usuario a software libre foi unha das liñas previstas no Plan de Acción de dotación e xestión sustentable no posto de traballo para garantir que os empregados públicos dispoñan dos medios tecnolóxicos adecuados ás súas funcións e á prestación dos servizos dixitais para cidadáns e empresas que require o contexto actual.

Tras identificar as diferentes tipoloxías e necesidades dos perfís de usuario, o plan estableceu un catálogo con software corporativo adaptado a cada posto de traballo para eliminar a heretorexeneidade existente, garantindo a sustentabilidade económica do modelo, a calidade no soporte aos usuarios e a súa xestión.

Tras un estudo previo elaborado pola Amtega e a Asociación de Empresas Galegas en Software Libre (Agasol) iniciouse a migración a software libre de xeito progresivo ata reducir a un 25% a porcentaxe de equipamentos da Administración autonómica que por razóns técnicas precisan de licenzas comerciais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A XUNTA HABILITA MEDIO MILLÓN DE EUROS PARA IMPULSAR A MARCA Q DE CALIDADE NOS ESTABLECEMENTOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DE GALICIA

- ***Esta colaboración co Clúster Empresarial de Turismo de Galicia ten por obxectivo incrementar o número de certificacións Q en Galicia***
- ***Unha das finalidades do convenio é que o 2019 remate cun mínimo de 229 entidades privadas con esta distinción e que a cifra aumente de cara ao ano 2021***
- ***Galicia sumou nove distincións en 2018 e é a segunda comunidade autónoma con máis certificacións Q de Calidade.***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, e o Clúster Empresarial de Turismo de Galicia para impulsar a marca Q de Calidade nos establecementos e servizos turísticos galegos. Trátase dunha colaboración que está enmarcada no feito de que a calidade, como factor de diferenciación das empresas turísticas, constitúe unha liña de actuación imprescindible na nova forma de enfocar a estratexia competitiva do sector turístico galego.

Este acordo entre a Axencia Turismo de Galicia e o sector privado persegue a promoción da Q de Calidade Turística, unha marca que determina que os establecementos e actividades turísticas gozan de determinados niveis de calidade, seguridade e profesionalidade. A finalidade é que o número de establecementos galegos que teñen esta distinción aumente de cara ao ano 2021.

Nesta liña, o obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración para a implementación, difusión e promoción dos servizos turísticos de Galicia coa marca Q de Calidade Turística a través do apoio ás empresas que están inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) da Xunta. Este apoio consistirá nun labor de asesoramento mediante a súa preparación para estar en condicións de superar a auditoría externa necesaria para a posterior consecución da Q de calidade turística.

Para acadar os obxectivos, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, investirá 450.000 euros en tres anualidades. Este investimento repartirase en gastos de asistencia técnica externa para a coordinación das actuacións, para o cal se destinarán 15.000 euros cada ano, e o impulso na consecución de novas certificacións e o seguimento e renovación das xa existentes, con 405.000 euros repartidos en tres exercicios.

Compromisos do sector

Ademais de asesorar as empresas inscritas no REAT para que acaden a certificación da marca Q de Calidade, o Clúster Empresarial de Turismo de Galicia comprométese a conseguir un mínimo de 20 novas empresas certificadas e a axudar ao mantemento das entidades. Así, o obxectivo cuantitativo é que o ano 2019 remate cun mínimo de 229 entidades privadas distinguidas con este recoñecemento e que a cifra aumente nas seguintes anualidades conforme os balances obtidos para cada un dos correspondentes anos. A entidade tamén se compromete a difundir a marca Q de Calidade Turística e a facer



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

constar a colaboración da Xunta de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións.

Poderán obter o certificado de Q de Calidade establecementos e empresas como hoteis, hoteis-balneario, cámpings, cidades de vacacións, aloxamentos de turismo rural, axencias de viaxes, OPC, palacios de congresos, campos de golf, restaurantes, cafetarías, bares, locais de ocio nocturno e transportes turísticos, así como servizos de turismo de saúde, turismo industrial (adegas visitables), turismo náutico ou turismo activo.

Máis recoñecementos

O Goberno galego afonda así no seu compromiso pola calidade da oferta turística na Comunidade, como se inclúe na Estratexia do turismo de Galicia 2020, a folla de ruta deseñada en diálogo co sector turístico e que está a consolidar o noso destino como un referente en boas prácticas.

Con 282 distincións, nove máis que no exercicio de 2017, nas cales se inclúen tamén os servizos de xestión pública como praias ou oficinas de información turística, Galicia segue crecendo no ámbito da calidade e é a segunda comunidade autónoma en certificacións Q de Calidade. Segundo o balance de 2018, seis de cada dez instalacións náutico-deportivas con Q de Calidade en España están en Galicia; preto da metade dos establecementos de turismo rural distinguidos son galegos e somos a comunidade con máis hoteis certificados de toda España.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A XUNTA EQUIPARA A SUBA NA RETRIBUCIÓN DOS DOCENTES DAS ESCOLAS NÁUTICAS Á DO RESTO DE PROFESORES DE CENTROS PÚBLICOS

- ***O Executivo galego autoriza aplicar ao persoal das escalas de profesores numerarios e mestres de taller o incremento do complemento específico xa aprobado para os profesionais de Educación***
- ***A medida supón elevar o soldo de 82 profesionais en 1.260 euros anuais de xeito paulatino ata 2021, o que terá un custo de 134.824 euros***
- ***O cobramento desta mellora salarial farase efectivo na próxima nómina, en marzo, e con carácter retroactivo a 2018***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto de 134.824 euros para aplicar aos profesores numerarios e mestres de taller das escolas náutico-pesqueiras da Consellería do Mar o mesmo incremento salarial aprobado en outubro do ano pasado para os docentes dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Esta suba retributiva, que se fará efectiva na nómina de marzo e con carácter retroactivo a 2018, supón que os 82 profesionais beneficiados vexan incrementado o seu soldo de forma paulatina ata 2021 en 1.260 euros ao ano, a razón de 90 euros ao mes en 14 pagas.

A medida é froito do pacto acadado en xullo do ano pasado entre os representantes da Consellería de Educación e as organizacións sindicais, polo cal se establecía esa suba salarial para o persoal docente entre os exercicios 2018 e 2021. O acordo aprobado agora polo Consello da Xunta supón dar cumprimento ao decreto que regula o réxime retributivo dos profesores numerarios e mestres de taller das escolas náutico-pesqueiras de Galicia e que establece que debe ser o mesmo que o dos funcionarios dos corpos de profesores de ensino secundario e de profesores técnicos dos centros públicos galegos.

O incremento do complemento específico nas nóminas do persoal docente dos centros dependentes da Consellería do Mar beneficia 67 profesores numerarios e 15 mestres de taller e tradúcese nunha contía mensual de 90 euros repartidos en 14 pagas. A suba trasladarase ás nóminas xa o vindeiro mes de marzo e irase aplicando de xeito paulatino ata completala no ano 2021.

A mellora retributiva do exercicio 2018, que os 82 beneficiarios cobrarán de xeito retroactivo, é de 15 euros mensuais, para un total de 210 euros anuais, mentres que en 2019 ese aumento é de 20 euros ao mes e 280 euros no acumulado do ano. No próximo exercicio elévase este complemento en 25 euros mensuais (350 euros anuais), mentres que en 2021 o incremento será de 30 euros ao mes e 420 ao ano, co cal se completa esa alza retributiva de 90 euros mensuais e 1.260 euros anuais en catro anos.



O PLAN DE INSPECCIÓN LABORAL INCREMENTA NUN 3% AS ACTUACIÓN EN 2019 PARA GARANTIR A PROTECCIÓN DOS TRABALLADORES E A CALIDADE NO EMPREGO

- ***A planificación para 2019 inclúe un mínimo de 34.800 actuacións programadas que se poden ampliar segundo as necesidades do mercado laboral***
- ***As inspeccións centranse na prevención de riscos, no emprego e relacións laborais, a seguridade social e a economía irregular***
- ***Como novidade porase en marcha unha campaña específica sobre os trastornos musculoesqueléticos dirixida ás camareiras e camareiros de piso e outra destinada ao sector da hostalaría para vixiar a legalidade dos contratos, salarios e se os convenios se aplican de acordo coa normativa vixente***
- ***Reforzase o control nas horas extraordinarias cun 6% de incremento nesta actividade, mentres que o seguimento da igualdade efectiva entre homes e mulleres será outro dos puntos fortes do plan deste ano cun aumento de preto do 8%***
- ***En materia de seguridade social impulsarase o control de falsos autónomos***
- ***A actividade inspectora permitiu en 2018 transformar 7.956 contratos en indefinidos, que aflorasen preto de 5200 empregos somerxidos e que se detectasen máis de 1.700 casos de falsos autónomos***

O Plan de Inspección de Traballo e Seguridade Social que impulsará en 2019 a Xunta, en coordinación co Estado, inclúe unha programación mínima de 34.800 actuacións, un 3% máis que o pasado ano. Este número de actividades poderá ampliarse en función das necesidades do mercado laboral, é dicir, á actividade planificada súmase a derivada das propias denuncias que xurdan no labor diario. O obxectivo é garantir a protección dos traballadores e a calidade no emprego mellorando as súas condicións laborais.

A folia de ruta divídese fundamentalmente en catro áreas de actuación: prevención de riscos laborais (7.761 actuacións), emprego e relacións laborais (7.763), seguridade social (7.738) e economía irregular (10.713). Este ano prestarase especial atención ao sector da hostalaría, ao control das horas extraordinarias, dos salarios e dos falsos autónomos e ao seguimento da igualdade efectiva entre homes e mulleres. Máis do 45% das actuacións previstas refírense a materias vinculadas coas condicións dos traballadores e traballadoras (prevención de riscos e relacións laborais).

Deste xeito, no ámbito da prevención de riscos laborais impulsaranse máis de 7.760 actuacións - un 9% máis que en 2018- co obxectivo de velar pola seguridade dos traballadores e facer un seguimento das medidas encamiñadas á mellora da saúde laboral. O obxectivo é buscar fórmulas para contribuír a reducir a sinistralidade laboral. Este ano, como novidade, porase en marcha unha campaña específica de trastornos musculoesqueléticos en camareiros e camareiras de piso. Así mesmo, prestarase especial atención á adaptación de postos de traballo para mulleres embarazadas.

En materia de emprego e relacións laborais incrementarase a actividade nun 9% ata chegar, como mínimo, ás 7.763 actuacións. Destacarán as vinculadas ao control na contratación temporal,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS Consello da Xunta

un eido en que as actuacións soben nun 29%. Vixiarase, ademais, a fraude na contratación, a subcontratación e a cesión ilegal de traballadores. Así mesmo, reforzase nun 6% o control nas horas extraordinarias e farase un especial seguimento ás condicións de traballo no sector da hostalaría, con especial atención aos camareiros e camareiras de piso.

O seguimento da igualdade efectiva entre homes e mulleres será outro dos puntos fortes deste ano da actividade inspectora, cun incremento das actuacións do 8%. Faranse campañas para loitar contra a discriminación de acceso ao emprego, e salarial e contra o acoso sexual, e vixiarase o cumprimento de plans e medidas de igualdade, así como o exercicio ao dereito da conciliación da vida familiar e laboral. Créase, ademais, unha campaña nova en materia de salarios, con 230 actuacións previstas.

No eido da seguridade social, un ámbito en que as actuacións crecerán nun 13,1%, farase especial fincapé no control sobre os falsos autónomos. Vixiarase tamén que as empresas estean contratando polos salarios efectivamente percibidos e aumentarán as actividades derivadas da responsabilidade de débedas coa seguridade social de empresas que desaparecen. Aumentarán tamén nun 2,67% as actuacións no control das persoas que traballan e cobran á vez a prestación polo desemprego.

A Xunta, en coordinación co Estado, seguirá impulsando campañas en materia de economía irregular, inspeccionando que os contratos cumpren coa lexislación vixente. Focalizaranse as actuacións no control de baixas indebidas e a correcta contratación de bolseiros e persoas que realizan prácticas non laborais. En xeral, as actuacións neste eido incrementaranse nun 1,31% con respecto ao exercicio pasado. Por sectores, a actividade inspectora terá unha especial incidencia na hostalaría, seguida do comercio e do sector servizos.

Trátase, en definitiva, dun plan que quere contribuír a garantir as condicións de traballo e mellora do emprego. A actividade da Inspección Laboral en Galicia permitiu —en 2018— transformar máis de 7.900 contratos en indefinidos, que aflorasen preto de 5.200 empregos somerxidos e que se detectasen máis de 1.700 casos de falsos autónomos.

A Administración autonómica desenvolve, ademais deste plan, un específico para a loita contra a fraude nas empresas e que permitiu nos nove primeiros meses de 2018 levar a cabo máis de 3.600 regularizacións. Os sectores en que se produciu o maior número de regularizacións foron o comercio, a industria manufactureira, a hostalaría e a educación. Esta folia de ruta específica permitiu tamén entre xaneiro e setembro do ano pasado transformar outros 3.327 contratos temporais en indefinidos.



UN TOTAL DE 566.424 PERSOAS VACINÁRONSE DA GRIPE ESTE ANO, PRETO DE 27.000 MÁIS QUE NA CAMPAÑA ANTERIOR

- **A vacinación nas mulleres embarazadas, un dos grupos prioritarios nesta campaña, acadou unha cobertura do 52,78%, superando en 12 puntos o obxectivo establecido e dobrando a cobertura acadada no ano anterior**
- **Destaca o importante incremento de traballadores sanitarios que se vacinaron nesta campaña antigripal, cunha cobertura do 46,49%, case 8 puntos por riba da do ano anterior e superando en 6 puntos o obxectivo establecido do 40%**
- **Nas persoas maiores de 65 anos ou máis acadouse unha cobertura de 58,58%, preto dun punto máis que na campaña de 2017**

A Consellería de Sanidade presentou o informe provisional da campaña de vacinación antigripal 2018/2019, que se desenvolveu entre o 22 de outubro e o 28 de decembro pasado, prorrogándose posteriormente ata o 25 de xaneiro debido ao atraso da chegada da vaga de gripe. Segundo os datos deste informe que o conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, presentou hoxe ao Consello da Xunta, o número total de doses de vacinas administradas á poboación galega ascendeu a 566.424, o que supón 26.728 doses máis que na campaña anterior, é dicir, un incremento do 5%. Incrementouse a cobertura en todos os grupos de risco, polo que segue a consolidarse a tendencia crecente dos últimos anos.

Xunto á mellora das coberturas na poboación xeral, a Consellería de Sanidade logrou aumentar a cobertura en case un punto entre as persoas de 65 ou máis anos, polo que segue a consolidarse o aumento que se vén rexistrando nos últimos anos. Esta mesma tendencia tamén se reflicte nas coberturas de persoal sanitario e de embarazadas.

Neste sentido, cómpre destacar o grande aumento de traballadores sanitarios que se vacinaron fronte á gripe nesta campaña, acadando unha cobertura do 46,49%, case 8 puntos por riba da campaña anterior (que foi do 38,85%) e superando case en 8 puntos o obxectivo establecido do 40%.

A cobertura foi maior en traballadores sanitarios (persoal médico e de enfermaría) de atención primaria, en que acadou o 56,53% (10,18 puntos máis que na campaña de 2017), que en atención hospitalaria, onde foi do 42,19% (case 7 puntos máis que na campaña anterior). En ambos os dous casos superouse o obxectivo marcado do 40%.

O importante aumento das coberturas de vacinación nos profesionais sanitarios, e especialmente nos de atención primaria, nos cales recae a responsabilidade de vacinar a maior parte da poboación a que vai destinada a campaña, reflicte a concienciación deste colectivo sobre os efectos beneficiosos que achega. Tamén fai prever a mellora das coberturas na poboación albo nos próximos anos.

Por grupos de poboación

Segundo os datos do informe da campaña de vacinación antigripal 2018/2019, o número de doses de vacinas da gripe administradas nas persoas de 65 anos ou máis ascendeu a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS Consello da Xunta

394.172, 8.202 doses máis que na campaña anterior. Isto supón unha cobertura do 58,58%, case un punto máis respecto á do ano pasado (57,96%).

Analizando a vacinación por subgrupos de idade, os resultados amosan en todos eles un aumento da cobertura. Neste sentido, cómpre subliñar que nas persoas de 75 ou máis anos non só se acadou o obxectivo establecido na campaña do 65%, ao rexistrar unha taxa do 65,88%, senón que se superou nun punto a acadada na campaña anterior. No subgrupo de persoas de 70-74 anos rexístrase un incremento con respecto á do ano anterior de 0,68 puntos, acadando unha cobertura do 57,12%, mentres que nas persoas de 65 a 69 anos se mantén unha taxa similar (44,37%).

Mentres que a vacinación nas persoas de 60 a 64 anos foi do 24,98%, máis dun punto con respecto á do ano 2017.

Un dos colectivos que máis incrementou a cobertura de vacinación foi o das mulleres embarazadas, cun 52,78%, o dobre da rexistrada na campaña de 2017 e superando en 12 puntos o obxectivo establecido do 40%. En total administráronse 6.448 doses e vacináronse 2.843 mulleres máis que no ano anterior.

Plans de continxencia e uso responsable

O Servizo Galego de Saúde ten activados os plans de continxencia para atender o incremento da demanda asistencial ou aumento da necesidade de ingreso hospitalario con motivo da actividade gripal. O obxectivo é establecer a coordinación entre servizos e recursos de atención primaria e hospitalaria así como con Urxencias Sanitarias de Galicia-061, para optimizar a atención á gripe e ás súas posibles complicacións.

Os plans oriéntanse ao fortalecemento de actuacións de valoración preventiva desde Atención Primaria dos pacientes de maior complexidade e maior risco (como os pluripatolóxicos ou pacientes fráxiles), así como a habilitación de dispositivos para o seu manexo e control. Establécense varios niveis de actuación como medidas preventivas e medidas de actuación ante o incremento da demanda de hospitalización.

Sanidade recomenda facer un uso responsable dos servizos de urxencia dos hospitais, aos que se debe acudir ante a aparición de síntomas de gravidade. Neste senso, dende o Sergas aconséllase valorar, en función da sintomaloxía, cal é o servizo sanitario máis axeitado, de forma que se evitará esperas innecesarias para recibir a atención e contribuírase a non saturar os recursos do sistema.

Ante a aparición de síntomas de gripe, a primeira liña de atención é chamar ao 061 ou acudir ao médico de familia do seu centro de saúde. O equipo sanitario dos centros de Atención Primaria darán a mellor resposta ás necesidades do doente, incluíndo o traslado hospitalario se fose necesario. Cómpre deixar as urxencias hospitalarias para os casos máis graves. Subliñar que a maior parte das gripes son leves e que se non se ten signos de gravidade, o mellor é quedar na casa ata que estes remitan.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Fora do horario do centro de saúde, pódese recorrer ao 061, onde será atendido por profesionais sanitarios, ou ao Punto de Atención Continuada que se teña máis cerca.



A XUNTA APROBA 1.475 EXPEDIENTES NA ÚLTIMA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A MELLORA DE EXPLOTACIÓNS E A INCORPORACIÓN DE MOZOS Á ACTIVIDADE AGROGANDEIRA

- ***O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre estas achegas, cofinanciadas con fondos Feader da UE***
- ***As subvencións superaron en total os 52,2 millóns de euros e o número de expedientes representa un 12,4% máis que en 2017***
- ***Con estas axudas procúrase, entre outros fins, modernizar e mellorar a estrutura produtiva das explotacións, avanzar na súa adecuada dimensión e no equilibrio dos factores de produción e fomentar a remuda xeracional no campo***

As axudas para a mellora das explotacións agrícolas e para a incorporación de mozos á actividade agrogandeira da convocatoria de 2018 ascenden a un total de 52,2 millóns de euros. O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre estas achegas, cofinanciadas pola Administración xeral do Estado, pola propia Xunta e polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader).

En total, aprobáronse 1.475 expedientes para as tres liñas de apoio, unha cifra que representa un incremento do 12,4% con respecto á convocatoria anterior. Por un lado, están as subvencións destinadas á creación de empresas para os agricultores mozos, que nesta convocatoria superaron os 13 millóns de euros. Por outra banda, as que financian os investimentos en explotacións agrícolas (plans de mellora), con 34,8 millóns de euros e, por último, as que apoian o desenvolvemento de pequenas explotacións (4,3 millóns de euros en 2018).

Con estas axudas procúrase, entre outros obxectivos, modernizar e mellorar a estrutura produtiva das explotacións galegas, avanzar na súa adecuada dimensión e no equilibrio dos factores de produción, fomentar a remuda xeracional no agro, impulsar a creación de emprego e contribuír ao mantemento da poboación no medio rural.

Incorporación de mozos

As solicitudes aprobadas na liña de incorporación de mozos foron 382, cunha axuda media por expediente que superou os 34.000 euros. Por provincias, como vén sendo habitual, a de Lugo foi a que tivo máis beneficiarios (un 45% do total), seguida da Coruña, de Ourense e de Pontevedra. En canto ás orientacións produtivas, as máis numerosas foron as de vacas de leite (34%), as de vacas de carne (18%) e as de aves de carne (7%).

Estas achegas outórganse aos novos agricultores que se establezan por primeira vez nunha explotación, mediante a súa creación ou incorporándose a unha xa existente, e que permanezan nesa actividade durante un período mínimo de cinco anos. A concesión da axuda está supeditada á presentación dun plan empresarial que demostre a viabilidade do proxecto que se pretende acometer e o cumprimento das condicións de competitividade das explotacións.

Plans de mellora

Con respecto aos plans de mellora, aprobáronse 803 solicitudes. A axuda media por expediente superou os 43.000 euros e por provincias tamén foi Lugo a máis beneficiada, superando a metade das aprobacións, seguida pola Coruña, Ourense e Pontevedra. A orientación produtiva con máis peso foi, así mesmo, a de vacas de leite (63%), seguida de vacas de carne (16%) e de aves de carne (4%).

Estas subvencións serven para apoiar os investimentos materiais e inmateriais que supoñan unha mellora do rendemento global, da competitividade ou da viabilidade das explotacións. Así, fináncianse por exemplo a reforma ou construción de instalacións e compra de maquinaria, a mellora das condicións agroambientais, hixiénico-sanitarias e de benestar animal que vaian máis alá dos requisitos obrigatorios ou a diminución do consumo de enerxía ou de auga, entre outras cuestións.

Pequenas explotacións

Por último, as peticións aprobadas nas axudas para pequenas explotacións foron 290. Neste caso o importe unitario por subvención é para todas elas de 15.000 euros, e de novo Lugo, co 54%, é a provincia con maior número de beneficiarios, seguida pola Coruña, Pontevedra e Ourense.

Neste caso, a concesión da axuda tamén se condiciona á presentación dun plan empresarial que inclúa polo menos a situación inicial da explotación agrícola e detalle as actuacións que se van acometer, especialmente as relacionadas coa sustentabilidade ambiental e a eficiencia dos recursos, que facilitarían a consecución da viabilidade económica, tales como investimentos, formación ou asesoramento.

Estas axudas avaliadas hoxe polo Consello teñen unha gran repercusión no agro galego, e non soamente para os beneficiarios directos, xa que propician, entre outras cousas, un incremento no número de mozos que se incorporan á actividade agrícola, rexuvenecendo a poboación activa agraria e evitando o despoboamento do medio rural.

Por outra parte, a mellora das explotacións implica un gran número de axentes que participan neste labor, tales como as oficinas técnicas que elaboran os proxectos, os colexios oficiais que os visan, os concellos que conceden as licenzas de obra e as pemes de toda Galicia encargadas de realizar as obras contidas nos proxectos. Polo tanto, prodúcese un efecto multiplicador destas axudas, que dinamizan de maneira moi importante o noso medio rural.



O SECTOR MARISQUEIRO DE GALICIA PODE SOLICITAR AS AXUDAS DE REXENERACIÓN DAS SÚAS ZONAS DE TRABALLO DURANTE TODO O ANO

- **Por primeira vez a convocatoria deste ano é aberta e a ela a Consellería do Mar destina 2,3 millóns de euros cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca para distribuír nas anualidades 2019 e 2020**
- **Destas achegas poden beneficiarse as confrarías, organizacións de produtores e entidades asociativas do sector que sexan titulares de plans marisqueiros en réxime de coxestión e teñan a sede social en Galicia**
- **Coa convocatoria aberta búscase unha maior concorrencia destas entidades e adoptar medidas máis adaptadas ás condicións ambientais e estacionais, así como a circunstancias sobrevidas como inundacións ou incendios**
- **Con estas subvencións a Xunta apoia actuacións en hábitats costeiros de importancia para a reprodución de organismos mariños, outras destinadas á redución da contaminación física e química e medidas como a repoboación**
- **As solicitudes pódense presentar ao longo do período do programa operativo do FEMP ata o 1 de marzo de 2020, tal e como indica a orde publicada esta semana no Diario Oficial de Galicia**

A Consellería do Mar pon á disposición do sector marisqueiro máis de 2,3 millóns de euros en axudas para apoiar o desenvolvemento de proxectos colectivos para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños das súas zonas de traballo. Esta cantidade, que se distribúe nas anualidades 2019 e 2020, enmárcase na [convocatoria](#) de 2019 destas achegas, que por primeira vez é aberta. Deste xeito, as entidades interesadas poden presentar solicitude de axuda ao longo de todo o ano. Así o especifica un informe sobre estas axudas analizado hoxe no Consello da Xunta.

Delas poden beneficiarse as confrarías, organizacións de produtores e entidades asociativas do sector que sexan titulares de plans marisqueiros en réxime de coxestión e teñan a sede social en Galicia. Así, coa convocatoria aberta, a Xunta busca unha maior concorrencia destas entidades e unha maior versatilidade na execución das axudas, distribuíndoas de xeito máis racional ao longo do ano.

Tamén busca unha mellor resposta para a conservación dos recursos biolóxicos mariños, xa que, ter a convocatoria aberta, permitirá adoptar medidas de conservación e restauración máis adaptadas ás condicións ambientais e estacionais, así como a circunstancias sobrevidas como inundacións ou incendios.

Estas axudas poderán acadar o 100% do investimento subvencionado e con elas apóianse proxectos colectivos que se desenvolven en Galicia e que teñen por obxecto recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúen a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños.

Entre as accións que se apoian están as centradas en hábitats costeiros de importancia para a reprodución de organismos mariños e as destinadas á redución da contaminación física e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS Consello da Xunta

química. Tamén as medidas de conservación que busquen protexer e conservar a flora e a fauna, incluída a repoboación de especies autóctonas, aplicando os principios da infraestrutura verde da Comisión Europea. Outras accións susceptibles de axuda son as dedicadas a previr, controlar ou eliminar especies exóticas invasoras.

Solicitudes

As solicitudes de axudas pódense presentar ao longo do período do programa operativo do FEMP ata o 1 de marzo de 2020. Poderase realizar unha primeira adxudicación coas solicitudes presentadas ata o 1 de marzo e, de non esgotarse o crédito, poderase realizar unha segunda adxudicación coas presentadas ata o 1 de setembro. As solicitudes con data de presentación a partir do 2 de setembro quedarán para a seguinte convocatoria.

Os interesados en cursar as solicitudes de axuda poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde publicada esta semana no *Diario Oficial de Galicia*. Esta realizarase por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Convocatoria anterior

Na convocatoria do ano pasado destas axudas a Consellería do Mar aprobou 36 proxectos colectivos para recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro por un importe de preto de 1,3 millóns de euros. A través dela aprobáronse accións como as repoboacións de superficie para o marisqueo en distintas zonas do litoral con especies autóctonas nun total de 530.000 metros cadrados. Unhas accións para as cales se prevé utilizar máis de 28 millóns de unidades de semente de ameixa babosa, ameixa fina e ameixa rubia.

Ao abeiro da convocatoria de 2018 tamén se aprobaron iniciativas que inclúen accións como a remoción de substrato e achega de áreas para promover a reprodución de organismos mariños nunha superficie de máis de 1,4 millóns de metros cadrados. Tamén hai proxectos relacionados coa retirada de especies exóticas potencialmente invasoras, como a cornecho espiñoso (*caracola cañaílla*), e co control da poboación natural de berberecho.